CUMIEIRA

Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega

Departamento de Filoloxía Galega e Latina

Vol. 9 - 2024

Xosé A. Fernández Salgado (ed.)

Universidade Vigo

Departamento de Filoloxía Galega e Latina

Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega. Vol. 9 - 2024

Universidade Vigo

CUMIEIRA

Cadernos de investigación
da nova Filoloxía Galega

Vol. 9 – 2024

Xosé A. Fernández Salgado (ed.)

Departamento de Filoloxía Galega e Latina

UNIVERSIDADE DE VIGO

ORIXES E FITOS DA CRÍTICA LITERARIA FEMINISTA NA GALIZA

Origins and milestones of feminist literary criticism in Galiza

Helena Domínguez García

Universidade de Vigo
helenadominguezg@gmail.com

DOI: https://doi.org/10.35869/cumieira.v9.24.4

Resumo: A presente investigación amosa o estado da cuestión da crítica literaria feminista na Galiza a través da revisión de bibliografía e artigos de prensa. En primeiro lugar, proponse unha introdución teórica ao tema, que relaciona o xénero coa nación e a literatura, tres conceptos cuxas encrucilladas son obxecto de atención nos Estudos literarios galegos. A continuación, explícase brevemente a aparición do movemento feminista galego, que coincidiu en tempo e reivindicacións coa emerxencia do nacionalismo tras a ditadura franquista. Os dous últimos apartados prestan atención á conformación do canon literario galego e ao xurdimento e vitalidade da crítica feminista. O sistema literario galego presenta a particularidade de posuír unha muller como referente fundacional, Rosalía de Castro, mais isto non se traduciu nunha aceptación doada da escrita das mulleres. Doutra banda, a crítica literaria feminista inhibiuse ante o obxectivo supremo da construción dunha narrativa nacional, que se caracterizou polo seu nesgo patriarcal.

Palabras chave: crítica literaria feminista, feminismo, xénero, Galiza, literatura galega.

Abstract: The aim of this article is to show the state of the question of feminist literary criticism in Galicia, through the review of bibliography and press articles. Firstly, a theoretical introduction to the topic is proposed, which relates gender to the nation and literature, three concepts whose crossroads have been the object of attention in Galician Literary Studies. Next, the appearance of the Galician feminist movement is briefly explained, which coincided in time and demands with the emergence of nationalism after the Franco dictatorship. The last two sections pay attention to the formation of the Galician literary canon and the emergence and vitality of feminist criticism. The Galician literary system has the particularity of having a woman as a founding referent, Rosalía de Castro, but this has not translated into an easy acceptance of women's writing. On the other hand, feminist literary criticism inhibited itself before the supreme goal of building a national narrative, which suffered from a patriarchal bias.

Key words: feminist literary criticism**,** feminism, gender, Galicia, Galician literature.

1. Introdución[1]

1. Introdución

A idea de facer esta investigación partiu da lectura do libro *Galiza, um povo sentimental?,* da filóloga Helena Miguélez-Carballeira (2014). Nel afirmaba, entre outras cuestións, que o sistema literario galego pecaba dun nesgo patriarcal que ofrecía resistencia a incorporar ao canon as obras das escritoras, consideradas como manifestacións menores. Ao tempo, Miguélez-Carballeira (2014: 16) sinalaba que aínda estaba pendente de realizarse na Galiza unha crítica feminista que non se inhibise ante autores considerados fundamentais.

Estas afirmacións conducíronnos a interesarnos polo estado da crítica literaria feminista na Galiza, un campo que descoñeciamos e que nos permitía retomar liñas de estudo que abordaramos por separado en anteriores traballos académicos, o xénero (Domínguez García 2019) e a nación (Domínguez García 2019). Así pois, o obxectivo deste traballo é presentar unha aproximación á crítica feminista na Galiza e identificar as súas orixes, os fitos máis destacables e as principais iniciativas actuais. Pretendemos analizar o estado da cuestión e ofrecer unha panorámica da crítica con perspectiva de xénero. Para enmarcar teoricamente o obxecto de estudo, presentamos, en primeiro lugar, as intersecções do xénero co nacionalismo, o colonialismo e a literatura, fenómenos entrelazados, debido ás particulares condicións históricas da Galiza, en tanto que nación sen estado. A crítica feminista naceu parella ao movemento feminista que se despregou tras o franquismo. Así, abordamos tamén a orixe do feminismo, así como a descrición das súas revistas principais, coas que se pretendeu incidir no canon literario. Non será ata a década dos 90 cando a escrita das mulleres, especialmente a poesía, goce do aplauso da crítica e do público. A consolidación das narradoras foi máis tardía.

Ademais do mencionado libro de Miguélez-Carballeira, este traballo bebe fundamentalmente da obra de Helena González (2005) titulada *Elas e o paraugas totalizador.* Consultamos, ademais, artigos académicos sobre o tema, así como crónicas e entrevistas publicados nas revistas *Festa da palabra silenciada* e *Andaina,* entre outras; tivemos especialmente en conta as declaracións de María Xosé Queizán, por ser unha das principais ideólogas do movemento feminista galego, alén de autora e de crítica literaria.

---

[1] Este artigo foi previamente un traballo para a materia «Xénero e literatura: Galicia e os países lusófonos», do Grao Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios da Universidade e Vigo. Agradezo ao profesor Burghard Baltrusch que me animase a publicalo.

2. As encrucilladas do xénero

Son varias as formas en que se entrelazan o xénero e a nación. En primeiro lugar, trátase de dúas categorías identitarias, que representan cadanseu movemento social, articulado arredor de identidades colectivas. Na Galiza, ademais, podemos falar en ambos os casos de identidades subalternas xa que o nacionalismo galego representa unha forza antihexemónica, que historicamente foi marxinada e perseguida.

Nacionalismo e feminismo tamén comparten un obxectivo emancipador, que procuraría para os seus grupos sociais a visibilidade e a reivindicación do seu dereito lexítimo a existir e ser tido en conta. Deste xeito, tal e como sinala González Fernández (2005: 19), o nacionalismo e o feminismo convertéronse en vías de modernización da sociedade galega, construídas simultaneamente desde a diferenza. Cómpre sinalar, porén, que noutras culturas e contextos o nacionalismo é considerado como unha forza que implica para as mulleres procesos lesivos, que se manifestan en diferentes formas de violencia, especialmente os nacionalismos de extrema dereita (véxase Rodó-Zárate 2020).

Desde outra perspectiva e centrándonos agora no marco político, son varios os estudos que consideran que a relación de Galiza con España responde a un modelo colonial, tanto no eido económico (Beiras 1981) como no cultural (Miguélez-Carballeira 2014). O colonialismo afecta tamén ao campo das representacións sociais, xa que a cultura dominante adoita despregar unha ideoloxía racista e unha estereotipia do colonizado (Domínguez García 2020: 59).

O concepto de colonialismo intersecciona co de xénero desde o momento en que o feminismo considera o patriarcado como o primeiro sistema de colonización. Así o remarcaba a teórica María Xosé Queizán, xa nos anos 90:

> A explotación económica e política das mulleres é a base da sociedade patriarcal. O sexismo é a primeira forma de opresión [...]. O colonizador debe feminizar ao colonizado para explotalo como é debido; ten que suprimirlle os rasgos de macho, de ser pertencente aos superiores, para dobregalo. (Queizán 1992: 2).

As metáforas feminizantes foron, precisamente, unha ferramenta utilizada polo centralismo español para desactivar a emerxencia de posibles movementos políticos na Galiza. Paradoxalmente, o estereotipo dunha Galiza feminina e sentimental tamén foi usado polos propios movementos nacionalistas para defendérense dos prexuízos españois. Miguélez-Carballeria (2014) documenta este proceso, a través de diferentes fontes bibliográficas, desde o século XIX ata a actualidade. A continuación, dámos conta da súa explicación.

No tempo do Rexionalismo, o pobo celta pasou da consideración de valente e belicoso, por exemplo, tal e como aparecía reflectido na poesía de Eduardo Pondal, a concibirse como dócil e sentimental. Esta idea, impulsada polo historiador Manuel Murguía, segundo Miguélez-Carballeira (2014: 29), foi aproveitada polo centralismo español para promover unha concepción do pobo galego como pasivo e apagar, así, calquera intento de mobilización política.

A estereotipia asociada á feminidade da Galiza estivo vixente con diferente intensidade nos anos posteriores. Coa aparición do nacionalismo galego, a comezos do XX, produciuse unha transición do rexionalismo sentimental «cursi» (2014: 142) ao nacionalismo político, entendido este como unha cuestión de virilidade. Volve a imaxe do guerreiro celta forte e o desenvolvemento da prosa eríxese como o novo obxectivo dos intelectuais, un acto masculino que se opón ao lirismo feminino do XIX.

Logo, a ditadura de Franco restaurará os valores da identidade galega mansa e sentimental do vello rexionalismo. E aínda hoxe o sentimentalismo como elemento caracterizador do pobo galego continúa vixente nos discursos políticos e publicitarios.

A metáfora da *terra nai* ou da *patria nai* é recorrente na cultura galega (Miguélez-Carballeira 2014: 46) e o seu uso tamén está documentado na tradición literaria irlandesa, de acordo con Lojo Rodríguez (2011). Esta autora sinala o paradoxo que supón que o corpo feminino represente a nación, cando, en realidade, a muller está excluída dos procesos políticos e culturais que interveñen na propia construción nacional (2011: 98).

Na Galiza forxouse, ademais, o mito dunha suposta sociedade matriarcal antiga, que tamén respondeu a un propósito político dos rexionalistas do XIX. A muller galega, matriarca da nación, simbolizaría a fortaleza interna da Galiza e, ao mesmo tempo, a súa condición de debilidade fronte ao opresor externo. Unha vez máis, o poder central utilizou esta imaxe feminina para desprezar a periferia (Kelley 1994: 71)

A escritora María Xosé Queizán encargouse desde ben cedo de desmitificar a idea dunha Galiza matriarcal. Nunha entrevista de 1991 no xornal *A Nosa Terra*, Queizán nega o matriarcado:

> Por mor da emigración foi un país nas mans das mulleres, as viúvas dos vivos e dos mortos e as súas fillas. Este é un país de mulleres que fixeron de todo [...]. Na Galiza, o que hai é máis poboación activa no agro, na pesca ou mesmo en certa industria, pero con iso a muller non está máis liberada. É importante desmitificar isto [...]. É un erro considerar que o mero feito de a muller ter un posto de traballo redunda xa na súa dignificación persoal». (Veiga 1991:7)

Así, en contra do que poida parecer, o mito da Galiza matriarcal non ten detrás unha verdadeira emancipación da muller.

Finalmente, para completar este apartado de reflexión teórica, fica por poñer en relación o xénero, o nacionalismo e a literatura. Sabemos que a creación dunha literatura nacional é un dos piares en que se apoia a construción e a consolidación dunha identidade nacional. Como afirma González (2005:43), o texto literario ten unha funcionalidade política, xa que actúa como proxección simbólica dun proceso ideolóxico e, polo tanto, trata de incidir na transformación da sociedade.

Na Galiza, a vertebración do sistema literario nacional prodúcese a partir dos anos 80 (2005: 39) e canda el, abrolla o discurso feminista en galego. As mulleres creadoras buscaron a recuperación dunha tradición propia e a intervención nun canon que tardaría en aceptalas. Para iso, crearon espazos de seu, como as revistas feministas.

2. Feminismo galego e nacionalismo

O movemento feminista galego comezou a conformarse unha vez rematada a ditadura de Franco, de forma paralela ao artellamento do nacionalismo político. Tal e como sinala Bar Cendón (2010), un dos aspectos que singularizan o feminismo galego é o seu carácter galeguista: «a conciencia de nación oprimida é considerada polas feministas como un aspecto determinante nas súas reivindicacións, independentemente do matriz internacionalista que anuncian algunhas delas» (p. 80). Deste xeito, a reivindicación da lingua galega foi unida á rebeldía contra o estado opresor e contra a cultura nacionalista española da ditadura, que desprezaba Galiza.

Non obstante, neste proceso de artellamento o nacionalismo partía con vantaxe, pois contaba cun discurso de seu e cunha tradición aceptada mentres que o feminismo tiña que arrepoñerse contra un concepto do feminino estereotipado polo patriarcado e pola propia tradición galeguista, tal e como explica González Fernández (2005: 41). En non poucas ocasións os dous discursos entraron en conflito.

Na súa crónica sobre o feminismo galego, Bar Cendón confirma que nos primeiros momentos o nacionalismo desautorizou o discurso das mulleres A autora dá conta de artigos de finais dos anos 70 publicados en *A Nosa Terra* que ridiculizan o feminismo e lembra que María Xosé Queizán e outras activistas foron expulsadas da organización UPG pola súa adscrición ao feminismo. «Considerábase que a causa feminista, lonxe de reforzar os obxectivos nacionalistas, provocaba unha dispersión de forzas e desatención da causa principal que, daquela, supuña a autodeterminación do pobo galego» (Bar 2010: 83). A muller xa se liberaría na nova nación galega socialista.

A principal teórica do feminismo galego, María Xosé Queizán, fixo un esforzo por integrar o feminismo no nacionalismo. A publicación en 1977 do seu ensaio *A muller en Galiza* deu, outra vez en palabras de Bar Cendón (2010: 81), «un novo xiro á idea da terra asoballada, desvelando a cara feminina da colonización galega». Mais esta contribución pasou inadvertida para a historiografía oficial —e patriarcal— do nacionalismo.

Queizán tamén escribiu o ensaio *A lingua galega e a muller* en que procuraba a comprensión do feminismo por parte dos nacionalistas, mediante un paralelismo coa situación da lingua galega, segundo declarou a propia autora n'*A Nosa Terra*:

> Crin que, na medida en que había mulleres e homes nacionalistas que tiñan claras unha chea de consecuencias da colonización, ao facer isto poidan comprender perfeitamente a opresión da muller. Levei un pau moi grande. Non se comentou en absoluto [...]. A ignorancia na que se tivo indícame que a xente non ve mais que o que quer ver. Por outra parte amosa que o nivel de teorización do nacionalismo é moi baixo. (Veiga 1991: 7)

As contribucións das mulleres ficaron á marxe da historia oficial. Nunha reflexión posterior, Queizán (1992: 3) volvía sobre este tema ao afirmar que «as mulleres, do mesmo modo que os pobos colonizados, non temos historia. A historia foi escrita polos homes do poder, con palabras e criterios propios. [...] A súa perspectiva non lles permitiu ver as accións das mulleres».

A denuncia que Queizán lanzaba nos anos 90 ben podería emitirse na época contemporánea. Sirva de ilustración do esquecemento da muller nos manuais de historia o feito de que tivésemos que agardar ao ano 2020 en que a historiadora Aurora Marco publicou o libro *Irmadiñas* para coñecer a contribución das mulleres ás Irmandades da Fala. Considerada unha das institucións galeguistas máis importantes do século XX, as Irmandades contaron coa participación de moitas mulleres, cuxo labor foi invisibilizado e que houbo que rescatar de hemerotecas e fontes orais (Veiga 2022).

Volvendo ao fío do feminismo e ás explicacións de González Fernández (2005), algunhas escritoras renunciaron de xeito tácito a articular un discurso feminista diferenciado por non desviarse da causa nacional, considerada prioritaria. Para entender a predominancia do nacionalismo, é útil o concepto de *paraugas totalizador* que manexa González Fernández (2005: 19), baseándose no *totalizing umbrella d*o crítico cultural R. Radhakrishnan (1992). O discurso nacionalista actúa como un principio homoxeneizador e nivelador dos discursos que considera subalternos. En determinados momentos históricos imponse unha visión xerarquizada e atomizada,

e a defensa do discurso nacional, considerado como obxectivo prioritario común, anteponse fronte aos intereses dos colectivos diferenciados que o integran.

Logo, a partir dos anos 80, coa aparición da conciencia de xénero, os estudos feministas fixeron un esforzo teórico por situar en igualdade de condicións os dous discursos. As revistas, das que daremos conta máis adiante, converteranse en plataformas de difusión ideolóxica do feminismo galego e procurarán a compatibilización do discurso de xénero e o nacional: para mostra, o artigo dunha activista publicado na revista *Andaina* en 1991, titulado *Feminismo/nacionalismo galego*, en que autora remata coa sentencia «só com conciéncia feminista acadaremos a libertaçom total» (Neves 1991: 28).

3. A conformación do canon literario

O sistema literario galego presenta a particularidade de ter como figura fundacional unha muller, Rosalía. Este feito, dinos González Fernández (2005), condiciona as relacións do discurso feminista co canon galego, porque contra o que acontece na maioría dos contextos culturais, non se escribe desde a falta absoluta de modelos recoñecidos, senón desde a manipulación dun modelo feminino inaugural, asimilado polo discurso patriarcal e desprovisto do seu potencial subversivo. Na literatura galega limitáronse moito as posibilidades de lexitimación de calquera escritora que non se axustase ao modelo estereotipado de Rosalía, «nai simbólica da nación e voz da Galicia sufrinte» (2005: 45).

Así, un dos primeiros labores comunais foi o da restauración de Rosalía, en tanto que feminista, nacionalista e escritora consciente. Nesta liña, a Asemblea Nacional-Popular Galega publica en 1980 o libro *Reivindicamos a Rosalía primeira feminista da nación galega*. Pola súa banda, Queizán desenvolveu un ambicioso proxecto literario para demostrar que as escritoras podían abordar calquera tema e xénero; toda a súa obra constitúe, en palabras de González Fernández (2005: 167), «un exercicio de roza dos carreiros negados».

Para González Fernández, o proceso de fixación de textos canónicos das mulleres ten un primeiro referente na revista literaria *Festa da Palabra Silenciada,* xurdida en 1983 e, posteriormente, na publicación en 1991 da *Historia da literatura galega de muller,* de Carmen Blanco. Desde o feminismo, sublíñase a necesidade de revisións críticas dos textos literarios e historiográficos. Por iso é tamén significativo que Carmen Blanco (1998) publique o artigo «De Rosalía de Castro a Olga Novo, cuerpos, mentes, bellas y bestias» (Blanco 1998), propoñendo un paralelismo co primeiro

estudo que sistematiza a poesía galega contemporánea, *De Pondal a Novoneyra* (1984), de Xosé Luís Méndez Ferrín.

A partir dos anos 90, a literatura galega de muller, en especial a poesía, ocupa un lugar central, o que lle permite incidir no canon tradicional galego. Paga a pena mencionar o caso do primeiro poemario de Lúpe Gomez, *Pornografía,* que foi autoeditado en 1995 cun discurso rompedor sobre o xénero e a nación. A obra acabaría sendo publicada en 2012 nunha editorial de referencia para a poesía galega, Edicións Positivas.

Segundo González Fernández (2005: 39), foi precisamente a irrupción da crítica feminista no contexto galego a que favoreceu a conformación dun sistema literario forte, autónomo, moderno e afastado do sistema literario español.

Na actualidade, a calidade das poetas galegas é recoñecida mesmo polo sistema literario español. Así, nos últimos cinco anos foron tres as autoras galegas galardoadas co Premio Nacional de Poesía que outorga o Ministerio de Cultura e Deporte: Pilar Pallarés, por *Tempo fósil* en 2019; Olga Novo, por *Feliz Idade* en 2020, e Yolanda Castaño, por *Materia* en 2023.

Con todo, existen indicadores que convidan a relativizar o éxito da poesía galega de mulleres. A escritora Marta Dacosta publicou en 2022 a antoloxía poética *Así Fala Penélope*, concibida para levar a poesía de autoría feminina ás aulas do ensino secundario. No prólogo, a compiladora ofrece esta xustificación:

> Esta antoloxía nace do convencemento de que as autoras non gozamos do espazo que nos corresponde literariamente falando. Malia as falsas impresións con que pechamos o século XXI (sic), as autoras seguimos a ser minoría [...] en termos de autoría, en libros publicados, en premios recibidos... [...]. Aínda máis. As escritoras somos minoría nas propostas lectoras dirixidas á rapazada. (Dacosta 2022: 69)

Ao contrario que na poesía, a narrativa é un xénero que carecía de modelos, o que se traduciu «por una parte, en la ausencia de escritoras de renombre en el sistema literario gallego y por otra, en la abundancia de narradoras ocasionales hasta la década de los noventa»: así o explica Rodríguez Rodríguez (2009: 265) nunha tese de doutoramento que analiza o feminismo e a innovación na obra narrativa de Xohana Torres, María Xosé Queizán, Carmen Blanco e Teresa Moure.

De acordo con Rodríguez Rodríguez (2009: 266), a primeira novela feminista[2] da Galiza é *Adiós María,* de Xohana Torres, publicada en 1971. Segundo a investigadora,

---

[2] Referímonos á primeira novela que presenta personaxes femininas que non se axustan ao estereotipo tradicional. A primeira novelista en galego considérase Francisca Herrera, coa obra *Néveda*, publicada en 1920, que reproduce un papel tradicional da muller. Pode lerse

esta novela non servirá de modelo autorial para as futuras narradoras, pero abre camiño cunha proposta innovadora tanto no tema como na estrutura. De feito, a súa orixinalidade formal levou á crítica a discutir se a novela podería encadrarse ou non dentro da chamada Nova Narrativa Galega, un conxunto de obras publicadas entre finais dos anos 50 e comezos dos 70 do século XX, que procuraban un novo xeito de narrar.

É rechamante que se producise tal discusión con respecto á obra de Torres e cabería preguntarse se influíu o feito de que a autora fose unha muller. Miguélez-Carballeira deita luz sobre o que aconteceu, ao afirmar que o sistema cultural ofrece resistencia á incorporación de autoras femininas (2014: 229), cuxa obra é considerada como manifestación menor ou tardía da narrativa nacional (2014: 246).

Miguélez-Carballeira (2014: 228) detecta na concepción da Nova Narrativa Galega unha retórica masculinista, que levou a considerar os textos de Méndez Ferrín como alegorías nacionais mentres que a obra das autoras da súa xeración, como María Xosé Queizán ou Xohana Torres, interpretábanse en clave feminina e como sentimentais.

Para completar este apartado, precisaríamos dunha diagnose sobre a situación actual da narrativa escrita por mulleres. Non dispoñemos de tales datos, pero si ofrecemos pistas do que está a acontecer no seguinte apartado.

4. A crítica literaria feminista

A crítica literaria feminista nace co xurdimento das revistas *Festa da palabra silenciada,* en Vigo, e *Andaina,* en Santiago, a comezos da década de 1980[3]. Tal e como dá conta Mónica Bar (2010: 90), «a recuperación da palabra para as feministas avanzaba co obxectivo inmediato de desarticular a parcialidade da crítica androcéntrica dominante na cultura galega».

A publicación a *Festa da palabra silenciada*, que tivo o seu antecedente no boletín *A saia*, estaba editada polo colectivo Feministas Independentes Galegas e tirou 30 números entre 1983 e 2014. A súa aparición fixo posible que as novas escritoras,

unha crítica sobre esta obra no artigo *As narradoras galega*s (Mouriz 1986), publicado na *Festa da palabra silenciada.*

3 As dúas publicacións están integramente dixitalizadas e a disposición do público na web do Consello da Cultura Galega: <https://consellodacultura.gal/fondos_documentais/hemeroteca/coleccion.php?id=7050>.

sobre todo as poetas, tomaran conciencia da súa posición identitaria (González Fernández 2005: 17).

Andaina naceu pola mesma época, en 1983, e lanzou 64 números, o último deles no 2014. Nunha primeira xeira presentouse como a revista do movemento feminista galego e a partir dos noventa pasou a definirse como revista de pensamento feminista.

Á parte de promover o coñecemento das escritoras, un dos primeiros labores que emprenderán as revistas é a revisión dos clásicos da literatura galega desde unha perspectiva antipatriarcal. Velaí o caso do monográfico dedicado a Rosalía na *Festa da palabra silenciada* 2, en 1985, ou o artigo de Carme Panero (1987) sobre o tratamento da muller na narrativa de Castelao, publicado na revista *Andaina* 12.

Na década de 1990 saen publicadas varias obras que revisan o corpus literario galego, como *Nais, damas, prostitutas e feirantas,* de Carmen Blanco (1995), e *Misoxinia e racismo na poesía de Eduardo Pondal,* de María Xosé Queizán (1998). Esta última resulta especialmente polémica, debido á significación do autor para a conformación do canon galego, tal e como sinala González Fernández (2005: 72). Anos despois, Castelao tamén será obxecto dunha aproximación feminista noutra obra de Blanco (2003), *Alba de mulleres,* que combina ensaio e poesía, e cuxo título fai referencia a un famoso discurso pronunciado polo escritor rianxeiro.

A crítica feminista tamén puxo os seus ollos sobre a literatura infantil e xuvenil. Tal e como dá conta Pena Presas (2016: 107), as narracións dirixidas á rapazada foron obxecto de análise nas páxinas das revistas feministas, que procuraron a visibilización dunha «produción dobremente marcada pola marxinalidade, por estar dirixida á infancia e á mocidade e, as máis das veces, por estar escrita por mulleres». A creación de literatura xuvenil foi outro dos eixos de acción; non é casualidade que as primeiras obras feministas da literatura xuvenil galega, *Pericles e a balea* (1984) e *O segredo da pedra figueira* (1985), estean asinadas por Xohana Torres e María Xosé Queizán, respectivamente (Pena Presas 2012: 110).

A revisión crítica está lonxe de ser completa, pois como deixou constancia Miguélez-Carballeira (2014: 166), o obxectivo supremo da construción nacional moderou a crítica feminista. As autoras inhíbense cando se trata de cuestionar autores fundamentais da narrativa nacional. Como exemplo, Miguélez-Carballeira destaca a falta de crítica sobre Carvalho Calero[4], fundador da historia literaria galega nacionalista e autor dunha obra ateigada de «preconceptos sexistas e misóxinos» (2014: 166). A este respecto, cómpre sinalar que existen algúns artigos que analizan

[4] Sobre a crítica feminista a Carvalho Calero poden consultarse os dous artigos que Miguélez-Carballeira publicou no xornal *El País* en 2012 (Miguélez Carballeira 2012a, 2012b).

os arquetipos femininos na poética de Carvalho Calero, como os de Souto Presedo (1989) e Blanco (1995), mais semella que o estudo crítico do autor non tivo continuidade, pois a crítica, en palabras de Miguélez-Carballeira (2012a) «tendeu máis a antoloxizar que a reler o seu legado».

Por outra banda, *o boom* que experimentou a poesía de mulleres na década de 1990 propiciou o xurdimento dunha crítica da crítica, que alertou da homoxenización da poesía das mulleres e da influencia de modas e intereses editoriais asociados á etiqueta de xénero (Nogueira Pereira 2020: 59). As propias obras de Helena González e Helena Miguélez-Carballeira que estamos a citar neste traballo forneceron tamén ferramentas teóricas para a crítica feminista.

Malia estas iniciativas, a crítica feminista na Galiza padece de certo inmobilismo, de acordo co estudo recente de Nogueira Pereira (2020: 65), quen atribúe esta situación ao carácter prescritivo da crítica literaria galega, a falta de espazos para o debate e a mutua dependencia entre esta disciplina e a historiografía. A autora sinala os numerosos exemplos en que as inercias marcadas polas primeiras análises son asumidas e reiteradas en traballos posteriores.

Finalmente, cómpre referírmonos á plataforma de crítica literaria feminista A Sega, en funcionamento no momento de redactar este traballo[5]. Unha das súas integrantes, a escritora María Reimóndez, xustificaba nunha entrevista recente a existencia do colectivo debido ao maltrato da crítica patriarcal: «Hai un espazo moi tóxico e maioritariamente patriarcal onde as críticas que se fan, por exemplo, aos libros escritos por mulleres, non son nada benévolas [...]. Ser críticas con algo non significa destruír os libros, insultar as autoras, facer comentarios sobre o seu aspecto físico» (Fajardo 2023:12).

O problema á hora de valorar os textos das mulleres é, segundo Reimóndez, que moitos críticos carecen de ferramentas de análise apropiadas para interpretalos e presentalos publicamente.

5. Conclusión

Xénero, nación e literatura interseccionan nun interesante campo de investigación que nos Estudos Culturais Galegos apenas está albiscado. Contamos coas obras de González Fernández (2005) e Miguélez-Carballeira (2014), que fornecen instrumentos teóricos e perspectivas coas que abordar unha análise crítica da

[5] Pode consultarse a súa web en <http://www.asega-critica.net/> [consultado o 17/06/2024].

literatura galega desde unha óptica antipatriarcal. Ademais, a lectura destas obras resulta estimulante, pois ambas deixan abertas novas vías de investigación que poderían retomarse desde o ámbito académico.

Doutra banda, dispoñemos de varios estudos (Kelley 1994; Miguélez Carballeira 2014: 13-85) que analizan o uso dos estereotipos de xénero tanto na construción da identidade nacional da Galiza como no proceso de deslexitimación desta identidade colectiva. O mito do matriarcado tamén foi desmontado desde os estudos de xénero.

No eido da historiografía literaria, existe un feixe de obras (Panero 1987; Souto Presedo 1989; Blanco 1995; Queizán 1998) que descobre os nesgos sexistas de grandes clásicos da literatura galega. A crítica literaria feminista goza xa de certa tradición, desde que arrancou nas páxinas das revistas de mulleres dos 80 ata a actualidade, que conta cun colectivo de seu como A Sega. Consideramos que o feito de que exista unha crítica da crítica feminista (Nogueira 2020) é tamén un indicio de madurez.

Porén, todas estas iniciativas que acabamos de mencionar non parecen conformar un todo de seu, senón que están dispersas e pouco visibilizadas. Precísanse traballos que dean unha visión global e completa da contribución das mulleres ao sistema literario galego e novas propostas que cuestionen o canon literario vixente.

Da nosa investigación, deducimos que a crítica literaria feminista galega goza de boa saúde pero non é *mainstream*, resiste en espazos de curto alcance. Se como dicía González Fernández (2005: 78), a aparición da crítica feminista posibilitou na Galiza a conformación dun sistema literario autónomo e moderno, poderíamos afirmar que a actual reclusión da perspectiva das mulleres a espazos de interese reducidos está a privarnos de novas formas de pensármonos e, seguramente tamén, de formas innovadoras de sermos narradas.

Referencias bibliográficas

Bar Cendón, Mónica (2010): *Feministas galegas. Claves dunha revolución en marcha*. Vigo: Xerais.

Beiras, Xosé Manuel (1981): *O atraso económico da Galiza*. Vigo: Galaxia.

Blanco, Carmen (1995): *Nais, damas, prostitutas e feirantas*. Vigo: Galaxia.

Blanco, Carmen (1998): «De Rosalía de Castro a Olga Novo. Cuerpos, mentes, bellas y bestias», en A. Carabí/M. Segarra (eds.), *Belleza escrita en femenino. Barcelona: Mujeres y literatura*, 117-126. Dispoñible en:

<https://consellodacultura.gal/mediateca/extras/ccg_pr_a19-mulleres_CCG_ig_album_X_Torres_Blanco_01.pdf >. [Consulta do 13/02/2024]

Blanco, Camen (2003): *Alba de mulleres*. Vigo: Xerais.

Dacosta, Marta (comp.) (2022): *Así fala Penélope (Unha antoloxía de xénero).* Santiago de Compostela: Chan da pólvora.

Domínguez García Helena. (2019): «Autopercepción de las mariscadoras sobre su representación mediática: estudio de recepción». Estudios sobre el Mensaje Periodístico, 25(1), 97-111. Dispoñible en: <https://doi.org/10.5209/ESMP.63718>.

Domínguez García, Helena (2020): *A construción mediática do conflito. O caso de Resistencia Galega*. Rianxo: Axóuxere.

Fajardo, Montse (2023): «María Reimóndez, a púxil do feminismo», *Sermos Galiza* (25/11/2023) p. 12. Dispoñible en: <https://www.nosdiario.gal/articulo/entrevistas/maria-reimondez-puxil-do-feminismo/20231124103727183235.html>. [Consulta do 07/01/2024]

González Fernández, Helena (2005): *Elas e o paraugas totalizador*. Vigo: Xerais.

Kelley, H. (1994): «The myth of matriarchy: symbols of Womanhood in Galician Regional Identity», *Anthropological Quarterly* v. 67, 2, 71-80.

Lojo Rodríguez, Laura Mª (2011): «O espírito da nación: Visións arquetípicas, nacionalidade e feminidade na poesía irlandesa actual», *Boletín Galego de Literatura* 45, 97-106. Dispoñible en: <https://minerva.usc.es/xmlui/handle/10347/7612>. [Consulta do 7/01/2024]

Miguélez-Carballeira, Helena (2012a): «O outro tabú sobre Carvalho Calero». *El País* (16/03/2012). Dispoñible en: <https://elpais.com/ccaa/2012/03/15/galicia/1331840052_953133.html>. [Consulta do 13/02/2024]

Miguélez-Carballeira, Helena (2012b): «A crítica 'carvalhocaleriana'», *El País* (30/03/2012). Dispoñible en: <https://elpais.com/ccaa/2012/03/29/galicia/1333050253_438695.html>. [Consulta do 13/02/2024]

Miguélez-Carballeira, Helena (2014): *Galiza, um povo sentimental?* Santiago de Compostela: Através Editora.

Mouriz, Isabel (1986): «As narradoras galegas», *Festa da palabra silenciada* 3, 14-16.

Nogueira Pereira, María Xesús (2020): «Outras miradas críticas á poesía galega de 1975 a hoxe. Algúns casos prácticos», *Galicia 21* 4, 52-70. Dispoñible en: <https://www.galicia21journal.org/J/pdf/Galicia21_J_04_Nogueira.pdf>. [Consulta do 7/01/2024]

Neves (Asociación Galega da Muller de Ferrol) (1991): «Nacionalismo / Feminismo na Galiza», *Andaina* 24, 27-28.

Panero Menor, M. Carmen (1987): «O tratamento da muller na narrativa de Castelao. Un motivo de desmitificación», *Andaina* 12, 9-11.

Pena Presas, Montserrat (2012): «As imaxes femininas na narrativa infantil e xuvenil galegados roles tradicionais á novela feminista (1975-1985)», *Madrygal* 15, 107-117. Dispoñible en: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=4102965>. [Consulta do 13/02/2024]

Pena Presas, Montserrat (2016): «Movemento feminista e crítica de literatura infantil en Galicia: unha cartografía», *Abriu* 5, 97-109. Dispoñible en: <https://revistes.ub.edu/index.php/Abriu/article/view/abriu2016.5.7/19984>. [Consulta do 13/02/2024]

Queizán, María Xosé (1992): «Colonialismo e sexismo», *Festa da palabra silenciada* 9, 2-5.

Queizán, María Xosé (1998): *Misoxinia e racismo na poesía de Eduardo Pondal*. Santiago: Laiovento.

Radhakrishnarn, R. (1992): «Nationalism, Gender, and the Narrative of Identity», en Ed. Andrew Parker *et al*. (eds.), *Nationalisms and Sexualities.* Nova York: Routledge, 77-95.

Rodó-Zárate, María (2020). «Gènere i nació: contradicció irreconciliable o intersecció d'eixos?», *Revista Idees*, 47. Dispoñible en: <https://revistaidees.cat/genere-i-nacio-contradiccio-irreconciliable-o-interseccio-deixos/>. [Consulta do 4/01/2024]

Rodríguez Rodríguez, Marisol (2009): *Feminismo e innovación en la narrativa gallega de autoría femenina: Xohana Torres, María Xosé Queizán, Carmen Blanco y Teresa Moure.* Tese de doutoramento inédita. The University of Auckland. Dispoñible en: <https://researchspace.auckland.ac.nz/handle/2292/5836>. [Consulta do 4/01/2024]

Souto Presedo, Elvira (1989): «Imagens de mulher (a representaçom do feminino nalguns poemas de Carvalho Calero», *Agália* 18, 139-153. Dispoñible en: <https://agalia.net/Agalia/018.pdf>. [Consulta do 13/02/2024]

Veiga, Laura (2022): «Aurora Marco: «No universo irmandiño só brillaba a galaxia masculina; faltaban moitas estrelas que deron luz», *Nós Diario* (30/12/2022). Dispoñible en: <https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/aurora-marcos-universo-irmandino-so-brillaba-galaxia-masculina-faltaban-moitas-estrelas-que-deron-luz/20221230190004159363.html>. [Consulta do 4/01/2024]

Veiga, Manuel (1991): «María Xosé Queizán. É preciso o respeto humano. Unha sociedade na que a metade das persoas están infravaloradas e violentadas non é unha boa sociedade», *Cadernos A Nosa Terra de pensamento e cultura* 10, 2-7. Dispoñible en: <https://anosaterra.com/cadernos-de-pensamento-e-cultura-no-10-as-mulleres-somos/>. [Consulta do 4/01/2024]

Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega é unha publicación do Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo que recolle traballos académicos dos novos investigadores e investigadoras no ámbito da Filoloxía Galega.

Neste vol. 9 pódense ler traballos sobre a dispoñibilidade léxica no campo da sanidade, as actitudes lingüísticas no estudantado redondelán, unha revisión da obra *Novas Cartas Portuguesas* e un estado da cuestión da crítica literaria feminista en Galicia.

Universidade Vigo

Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega. Vol. 9 - 2024

Universidade Vigo